

V CICLO DE CONCERTOS

NOITES NA CIDADE VELLA

16 de setembro ao
17 de outubro
de 2026

fundación
Rogelio groba



Ao xeito de limiar

Hai cidades que tamén se poden escoitar. Cando a música entra nos seus teatros, igrexas e espazos históricos, a arquitectura cobra unha nova vida e o patrimonio convértese en escenario, memoria e emoción. Con ese espírito chega a **quinta edición de Noites na Cidade Vella**, unha cita xa consolidada no calendario cultural da Coruña.

Organizado pola **Fundación Rogelio Groba**, coa colaboración do Concello da Coruña e da Deputación da Coruña, o ciclo nace da vontade de unir música e patrimonio, de achegar ao público intérpretes de primeiro nivel e, ao mesmo tempo, de manter vivo e ampliar o coñecemento do extraordinario legado creativo do compositor **Rogelio Groba**.

Desde hai máis de dúas décadas, a Fundación traballa na conservación, catalogación e difusión da súa obra, promovendo tamén a música de cámara e apoiando a presenza da creación musical galega en diálogo co gran repertorio universal. Neste camiño ocupa un lugar esencial a Orquestra de Cámara Galega, formación residente de Noites na Cidade Vella desde a súa primeira edición e unha das principais intérpretes e divulgadoras da música do mestre.

Nesta quinta edición, o ciclo volta reunir intérpretes e formacións galegas e internacionais de destacada traxectoria. **Helis Trío, The Rest Project, Mikhail Pocheikin, Michail Lifits, Amatis Trío, Miguel Iglesias, Hrachya Avanesyan** e **Jean Baptiste Doucet** comparten programación coa **Orquestra de Cámara Galega**, dirixida por **Rogelio Groba Otero**, e co **Ensemble da Fundación Groba**.

Entre o **16 de setembro** e o **17 de outubro**, nove concertos percorrarán espazos singulares da cidade como o **Teatro Rosalía de Castro**, a **Igrexa de Santiago**, o **Auditorio Sede Afundación**, a **Igrexa de Santa Lucía**, o **Teatro Colón**, a **Fundación Luis Seoane** e a **Igrexa dos Dominicos**. Lugares de moi distinta natureza que comparten unha mesma vocación: converterse, por unhas horas, en espazos para a escoita, o encontro e a emoción.

Todos os concertos serán de balde ata completar aforo, reafirmando unha das vocacións fundamentais do ciclo: achegar a música clásica á cidadanía e facer dela unha experiencia próxima, aberta e compartida.

Noites na Cidade Vella chega así á súa quinta edición mirando ao futuro sen perder de vista a memoria. Un encontro entre intérpretes, público, música e patrimonio que nos convida, unha vez máis, a descubrir a cidade doutro xeito: escoitándoa.

Rogelio Groba Otero.
Presidente Fundación Rogelio Groba



A close-up, artistic photograph of a violin's tailpiece and f-hole. The instrument is made of dark wood, and the lighting is warm and focused, creating a soft glow around the f-hole and casting shadows on the tailpiece. The word "PROGRAMA" is centered in a white, serif font, flanked by two small white squares.

■ PROGRAMA ■

16 setembre | 20:00 h.

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO

HELIX TRÍO · violín, cello e piano

Jaume Angelès, violín

Iago Domínguez, violonchelo

Paula Belzunegui, piano

Joseph Haydn (1732–1809)

Piano Trio en Do major núm. 27, Hob. XV:27

I. Allegro

II. Andante

III. III. Finale. Presto

Robert Schumann (1810-1856)

Trío con piano N.1 en re menor, Op.63 (1847)

I. Mit Energie und Leidenschaft

II. Lebhaft, doch nicht zu rasch

III. Langsam, mit inniger Empfindung

IV. Mit Feuer

Maurice Ravel (1875-1937)

Piano Trio en La menor (1914)

I. Modéré

II. Pantoum (Assez vif)

III. Passacaille (Très large)

IV Final (Animé)



19 setembro | 21:00 h.

IGREJA DE SANTIAGO

THE REST PROJECT · violín, viola e cello

María Florea, violín

Lara Fernández, viola

Daniel Claret, violonchelo

William Byrd (1540-1623)

Misa a tres voces

Agnus Dei

Franz Schubert (1797-1828)

Trío de corda en Si bemol Mayor D.471

I. Allegro

II. Andante sostenuto [inconcluso]

Joan Magrané (*1988)

Andante sostenuto**

William Byrd (1540-1623)

Misa a tres voces

Sanctus

Alfred Schnittke (1934-1998)

Trío de corda

I. Moderato

II. Adagio



22 setembro | 20:00 h.

AUDITORIO SEDE AFUNDACION A CORUÑA

MIKHAIL POCHERIN · violín

MICHAIL LIFITS · piano

Franz Schubert (1797-1828)

Sonata para violín e piano en La Mayor, D. 574

Allegro moderato

Scherzo. Presto

Andantino

Allegro vivace

Francis Poulenc (1899-1963)

Sonata para violín e piano FP119

Allegro con fuoco

Intermezzo

Presto tragico

Ludwig van Beethoven (1770-1827)

Sonata para violín e piano No.9 en La Mayor, op.47 "Kreutzer"

Adagio sostenuto - Presto

Andante con variazioni

Finale. Presto



26 setembro | 20:00 h.

IGREJA DE SANTA LUCÍA

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba Otero - Director

R. Groba (1930-2022)

Sarabanda sobre un tema de Haendel

F. Schubert (1797-1828)

Adagio - Allegro molto D8

R. Groba (1930-2022)

Un adeus

N. Rakov (1908-1990)

Sinfonietta

I. Allegro moderato

II. Andante

III. Vivo

IV. Andante Sostenuto

E. Grieg (1843-1907)

Suite Holberg

I. Praeludium. Allegro vivace

II. Sarabande. Andante

III. Gavotte. Allegretto

IV. Air. Andante religioso

V. Ragaudon. Allegro con brio

Rogelio Groba Otero · director



30 setembro | 20:00 h.

TEATRO COLÓN

AMATIS TRIO · violín, cello e piano

Lea Hausmann, violín

Sam Shepherd, cello

Mengjie Han, piano

J. Haydn (1732-1809)

Trío XV/27 en Do maior

I. Allegro

II. Andante

III. Finale. Presto

D. Shostakovich (1906-1975)

Trío n. 1, op. 8

I. Andante

II. Allegro

F. Mendelssohn (1809-1847)

Trío n. 1

I. Molto allegro y agitato

II. Andante con moto tranquila

III. Scherzo

IV. Finale



3 outubro | 20:00 h.

FUNDACIÓN LUIS SEOANE

ENSEMBLE DA FUNDACIÓN GROBA

Rogelio Groba, violín

Alba Reirís, cello

Pablo Diago, piano

J. Klenguer (1859-1933)

Trío en Sol Maior op 35 nº 2

I. Allegro

II. Andante

III. Vivace

S. Rachmaninov (1873-1943)

Trio elegíaco nº 1 en sol menor op. Póstumo

Largo

R. Groba (1930-2022)

Alalá

E. Granados (1867-1916)

Trío con piano en Do Maior op.50

I. Poco allegro con espressione

II. Scherzetto (Vivace molto)

III. Duetto (Andante con molto espressione)

IV. Finale (Allegro molto)



9 outubro | 20:00 h.

AUDITORIO SEDE AFUNDACION A CORUÑA

MIGUEL IGLESIAS · recital de piano

C.P.E. Bach (1714-1788)

Sonata en La Mayor W55 N4

I Allegro Assai

II Poco Adagio

III Allegro

J. Albeniz (1860-1909)

Navarra

M. Falla (1876-1946)

Fantasia Baetica

PAUSA (5 minutos)

R. Schumann (1810-1856)

Estudios sinfónicos Op13

Tema - Andante

Estudio I (Variación 1) - Un poco più vivo

Variación póstuma I - Andante, Tempo del tema

Estudio II (Variación 2) - Andante

Estudio III - Vivace

Estudio IV (Variación 3) - Allegro marcato

Estudio V (Variación 4) - Scherzando

Estudio VI (Variación 5) - Agitato

Variación póstuma IV - Allegretto

Variación póstuma V - Moderato

Variación póstuma III - Allegro

Estudio VII (Variación 6) - Allegro molto

Estudio VIII (Variación 7) - Sempre marcatisimo

Estudio IX - Presto possibile

Variación póstuma II - Meno Mosso

Estudio X (Variación 8) - Allegro con energia

Estudio XI (Variación 9) - Andante espressivo

Estudio XII (Final) - Allegro brillante (basado en el tema de Marschner)



14 outubro | 20:00 h.

AUDITORIO SEDE AFUNDACION A CORUÑA

HRACHYA AVANESYAN · violín

JEAN BAPTISTE DOULCET · piano

César Franck (1822-1890)

Sonata para Violín e Piano en La maior, FWV 8

- I. Allegretto ben moderato
- II. Allegro
- III. Recitativo-Fantasia. Ben moderato
- IV. Allegretto poco moss

R. Groba (1930-2022)

Cruñesas

- I. Danza arcaica
- II. Muiñeira

C. Saint-Saëns (1835-1921)

Sonata para violín n.º 1 en Re menor, op. 75

- I. Allegro agitato
- II. Adagio
- III. Allegretto moderato
- IV. Allegro molto



17 outubro | 21:00 h.

IGREXA DOS DOMINICOS

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba Otero - Director

F. Mendelssohn (1809-1847)

Sinfonía nº 10

Adagio - Allegro

R. Groba (1930-2022)

Carpe diem

- I. Abrente
- II. Muller muxica
- III. O fausto
- IV. O trouleiro

G. Holst (1874-1937)

Suite Saint Paul's

- I. Jig (Jiga) Vivace
- II. Ostinato - Presto
- III. Intermezzo. Andante con moto
- IV. Finale. The dargsone. Allegro

B. Bartok (1881-1945)

Danzas rumanas

- I. Joc qu bata (Danza de bastóns). Allegro moderato
- II. Brail (Danza da faixa). Allegro
- III. Pa-loc (Nun lugar). Andante
- IV. Buciumeana (Danza do corno). Moderato
- V. Poaga romanesca (Polca rumana). Allegro
- VI. Maruntel (Danza rápida). Allegro-Piú allegro



DOSIER
ARTISTAS

HELIX TRIO

Jaume Angelès, violín

Iago Domínguez, violonchelo

Paula Belzunegui, piano



En 2024, o Helix Trio foi nomeado Ensemble Emerxente 2025 por FestClásica, asegurando a súa participación nalgúns dos festivais máis prestixiosos de España ao longo de 2025. Ademais, foron galardoados co segundo premio no Premi BBVA de Música de Cambra Montserrat Alavedra 2024, celebrado en Cataluña, así como co Premio Filippo Nicosia en Italia, un recoñecemento que inclúe a oportunidade de ofrecer varios concertos no país. Estes logros súmanse a outros premios destacados como o ORPHEUS Swiss Chamber Music Competition 2022 en Suíza e o Concurso La Flama 2023 en Barcelona, consolidando o trío como unha das formacións máis prometedoras da súa xeración.

Formado en 2022 na Hochschule für Musik FHNW Basel, o Helix Trio está integrado por Jaume Angelès Fité (violín), Iago Domínguez Eiras (violonchelo) e Paula Belzunegui Moreno (piano). Na actualidade, atópanse baixo

a tutela de recoñecidos profesores como Anton Kernjak, Claudio Martínez-Mehner, Zoltán Fejérváry, Silvia Simionescu e Anna Gebert, como parte do programa *Ergänzungsstudium*. Ademais, o seu desenvolvemento artístico continúa baixo a dirección de Patrick Jüdt e Johannes Meissl.

Desde 2023, o Helix Trio é membro da ECMA (European Chamber Music Academy) e forma parte da rede *Le Dimore del Quartetto*, o que lles permite interactuar nun contorno internacional de alto nivel.

O trío foi convidado a festivais como o Piano Trio Fest (Berna), o Swiss Chamber Music Festival (Adelboden) e o Musikdorf Ernen Festival. En 2023 fixo o seu debut no prestixioso Palau de la Música Catalana e en 2024 en L'Auditori de Barcelona. En España, actuaron en festivais como Música en Segura, Festival ClasClás, Festival ASISA de Villaviciosa de Odón, MUSEG, Quincena Musical de San Sebastián, Quincena Andante, Musikaldia de Zarautz, Festival de Pollença, Música a les Masos, Festival Internacional de Santander, Otoño Musical Soriano, Festival de Música Española de Cádiz, así como en espazos como o Teatre de Sabadell, o Teatre de Tarragona e o FRINGE Torroella de Montgrí, entre outros.

Ao longo da súa traxectoria, o Helix Trio traballou con destacadas figuras da música de cámara, participando en clases maxistras con músicos como Steven Isserlis, Heime Müller (Artemis Quartet), Anthony Marwood, Patricia Kopatchinskaja, Johannes Meissl, Patrick Jüdt, Vera Martínez Mehner, Robert Levin, Eckart Runge, Oliver Wille (Kuss Quartet), Antonio Valentino, Simone Gramaglia, Miriam Fried, Günter Pichler e Heinz Holliger. En 2023 asistiron ás Masterclasses de IMS Prussia Cove co pianista Dénes Várjon e á Academia Internacional de Música de Cámara de Vic co violinista Abel Tomàs (Cuarteto Casals).



THE REST PROJECT

María Florea, violín

Lara Fernández, viola

Daniel Claret, violonchelo



The Rest Project, formado por Maria Florea, Lara Fernández e Daniel Claret, é un ensemble que fala das súas inquietudes principalmente a través da música, mais tamén incorporando outros elementos como o texto e o movemento. Caracterízase pola creación conxunta dos seus concertos e por unha exploración sen límites para expresar aquilo que precisa ser expresado.

A integración das diversas disciplinas nos tres músicos outórgalles aos intérpretes unha maneira diferente de estar no escenario. A transmisión do pensamento artístico prodúcese a través de múltiples vías e a experiencia é vivida como unha viaxe unificada. Esta integración trasládase posteriormente ao plano físico, dotando ao grupo dunha gran capacidade de adaptación aos espazos nos

que actúa. Mantendo a súa esencia, calquera casa pode ser a súa casa.

A nosa primeira proposta artística, estreada en 2023, foi **The Rest is Silence**. Explora un estado inherente á condición humana: a soidade. Combina música e textos dos séculos XX e XXI coa Ofrenda musical de J. S. Bach. The Rest is Silence foi programada en espazos tan diversos como o vestíbulo dun palacio (Classix Festival, Iași, Romanía), un auditorio universitario (Festival Barcelona Obertura), un patio privado (Barcelona / Festival Grec) ou o Auditorio Josep Carreras de Vila-seca (Tarragona).

Posteriormente, no outono de 2025, creamos e estreámos dúas producións máis. **Si vuestro amor no me mata**, creada en colaboración coa premiada actriz Nora Navas e coproducida polo Festival Clàssics, Temporada Alta e Dansàneu, ten como pano de fondo o desexo místico narrado por mulleres. **New Beginnings**, pola contra, foi creada como un coencargo do Auditori de Barcelona, onde se estreou, e inclúe unha estrea mundial dunha obra de Joan Magrané, inspirada nun trío de corda inacabado de Franz Schubert para ilustrar como os comezos e os finais poden estar conectados, incluso atravesando o tempo.

A conexión musical e humana entre nós naceu cando coincidimos nun programa monográfico dedicado a Schubert. Algúns meses máis tarde decidimos crear The Rest Project, cunha forte aposta inicial polo formato de ensaio en residencia, é dicir, encontros de varios días dedicados exclusivamente a nós, en espazos concibidos especificamente para a ocasión. Deste xeito, ao longo de moitos días, o entendemento musical foi medrando en paralelo ao persoal, enriquecendo de maneira exponencial o proceso creativo.



MIKHAIL POCHEKIN violín

MICHAIL LIFITS piano



MIKHAIL POCHEKIN

Se hai algo que lle serviu a Mikhail Pochekin para gañar a admiración do público, foi o seu carisma artístico, tan expresivo e brillante. Do mesmo xeito, tanto a crítica internacional como moitas das orquestras máis recoñecidas do mundo valoraron a súa mestría musical. Como solista, Mikhail actuou coa Stuttgarter Kammerorchester, a Russian National Orchestra, a Sinfonieorchester Basel, a Mariinsky Theater Symphony, a Lithuanian National Orchestra, a State Symphony Orchestra of Russia "Evgeny Svetlanov", entre outras. Entre os fitos da tempada 2025/26 inclúense o seu debut coa Orquesta Sinfónica RTVE en Madrid e coa Württembergisches Kammeror-

chester Heilbronn.

Mikhail actúa en numerosos países de todo o mundo. Nas últimas tempadas foi recibido con grande entusiasmo en festivais e salas de referencia como o Centro Cultural “Gasteig” de Múnic, o Auditorio Nacional de Música de Madrid, a Sala Tchaikovski de Moscova, Schloss Elmau en Baviera, a sala das columnas da Filharmonía Nacional de Ucraína, o Kronberg Academy Festival, a Filharmonía de Colonia, a Fundación Mozarteum de Salzburgo ou o Concordia International Festival of Contemporary Music, que leva o nome da compositora Sofia Gubaidulina. Recentemente, Mikhail colaborou, entre outros, con directores como Vasily Sinaisky, Heinz Holliger, Daniel Raiskin, Stanislav Kochanovsky, Mei-Ann Chen, Valentin Uryupin ou Dmitry Matvienko.

A súa discografía abrangue un amplo espectro do repertorio para violín. En 2019, o selo alemán Solo Musica publicou o álbum 6 Sonatas & Partitas BWV 1001–1006 para violín só de J. S. Bach. A prensa internacional eloxiouno como “un logro excepcional” (Julian Haylock, *The Strad*, novembro de 2019) e “unha gran gravación” (Reinhard Brembeck, *Süddeutsche Zeitung*, 15.04.2019). En 2021, Mikhail publicou co selo Hänssler Classic un álbum co Concerto para violín n.º 5 e a Sinfonía concertante de Mozart, ao que seguiron rapidamente novas colaboracións coa gravación dos concertos para violín de Mendelssohn e Bruch coa Württembergische Philharmonie Reutlingen, dirixida por Sebastian Tewinkel, así como o seu álbum máis recente, que inclúe as obras completas para violín e orquestra de Dvořák coa Slovak Philharmonic baixo a dirección de Daniel Raiskin. Dentro da súa actividade artística, as actuacións xunto ao seu irmán Ivan Pochekin ocupan un lugar moi importante. En 2018, no selo Melodiya, ambos os irmáns publicaron o seu primeiro álbum conxunto, titulado **The Unity of Opposites** (A unidade dos opostos), que inclúe obras para dous violíns de Prokofiev e Glière, así como obras para violín e viola de Mozart e Michael Haydn.



Mikhail sente un profundo amor pola música de cámara. É cofundador e director artístico do Landshut Kammermusikfestival en Baviera, organizado por Freunde der Musik e.V. Landshut e celebrado por primeira vez en agosto de 2023. Para Mikhail, a música de cámara é un tipo de conversación absolutamente especial entre persoas, que reúne no escenario unha variedade de músicos cuxo resultado é unha comunicación viva, un estudo profundo das obras e un desexo común de transmitir ao público a intención do compositor. Entre os artistas cos que Mikhail compartiu escenario atópanse Christian Tetzlaff, Ilya Gringolts, Kian Soltani, Tanja Tetzlaff, Anastasia Kobekina, Petrit Çeku, Herbert Schuch, Michail Lifits ou Yury Favorin. Durante moitos anos, Mikhail colaborou coa fundación Live Music Now co obxectivo de achegar a música a persoas que, por si mesmas, non poden asistir ás salas de concertos.

Mikhail naceu no seo dunha familia moi musical: o seu pai é lutier; a súa nai, profesora de violín; e o seu irmán maior, violinista e violista. Así, o son do violín acompañou a Mikhail desde a súa máis tenra infancia. Aos cinco anos recibiu a súa primeira clase baixo a tutela da profesora G. S. Turchaninova. Anos máis tarde, tivo como mestres a Viktor Tretiakov, Rainer Schmidt e Ana Chumachenco. Xa na súa mocidade, o talento artístico de Mikhail foi recoñecido con premios en prestixiosos concursos internacionais, entre eles o Pablo Sarasate de Pamplona, o Premio Rodolfo Lipizer en Italia ou o Concurso Jascha Heifetz en Lituania. En España (onde a familia de Mikhail reside desde comezos dos anos 2000), Mikhail foi galardoado co Premio Nacional de Violín Pablo Sarasate, tras o cal recibiu unha invitación do Real Conservatorio de Madrid para ofrecer un concerto co Stradivarius "Ex Boissier", que pertencera ao célebre violinista español.

MICHAIL LIFITS

«Unha afinidade arrebatadora polas cores!» Así se expresaba o Frankfurter Allgemeine Zeitung nunha crítica en-



tusiasta do novo pianista Michail Lifits, que está a gañar rapidamente atención internacional grazas á súa musicalidade cativadora. En recitais en solitario moi aclamados nas principais salas de concertos, así como na súa faceta de destacado músico de cámara, o seu “son maduro, aparentemente cheo de sabedoría” (Süddeutsche Zeitung) emocionou ao público e á crítica de todo o mundo.

O gañador do 57.º Concurso Internacional de Piano Ferruccio Busoni ofreceu numerosos concertos en salas como o Carnegie Hall e o Lincoln Center de Nova York, o Wigmore Hall de Londres, a Philharmonie de Berlín, o Herkulessaal, o Prinzregententheater e a Philharmonie de Múnic, a Laeishalle e a Elbphilharmonie de Hamburgo, a Sala Verdi de Milán, a Tonhalle de Zúric, o Concertgebouw de Ámsterdam e o Palais des Beaux-Arts de Bruxelas.

Como solista, Michail Lifits actuou con numerosas orquestras de prestixio, entre elas o Deutsches Symphonie-Orchester Berlin, o Residenzorchester Den Haag, a NDR Radiophilharmonie Hannover, a Haydn Orchestra de Bolzano, os Moscow Soloists, a Orquestra de Valencia, a Orchestra dell'Arena di Verona, a Hong Kong Sinfonietta, a Munich Symphony Orchestra e a Munich Chamber Orchestra.

Lifits é un convidado habitual en recoñecidos festivais internacionais, como o Verbier Festival, as Festspiele Mecklenburg-Vorpommern, o Rheingau Music Festival, o Ruhr Piano Festival, o Kissinger Sommer, o Festival Pianistico Internazionale di Brescia e Bergamo, o Festival d'Auvers-sur-Oise, o Festival SWR de Schwetzingen, o Bergen International Festival, o Menuhin Festival Gstaad e os BBC Proms.

Ademais da súa extensa carreira como solista, Michail Lifits é tamén un apaixonado e moi solicitado músico de cámara. Actuou xunto a artistas de renome como Vilde Frang, Nicolas Altstaedt, Steven Isserlis, Cristina Gómez



Godoy, Marie-Elisabeth Hecker, Andreas Ottensamer, Veronika Eberle, Gil Shaham e Nils Mönkemeyer. Xunto á súa compañeira de música de cámara Vilde Frang, gravou dous CD para Warner Classics, que recibiron, entre outros galardóns, os premios ECHO KLASSIK e Diapason d'or.

Desde 2011, Michail Lifits é artista exclusivo de Deca Classics. O seu CD de estrea, publicado en 2012 con obras de W. A. Mozart, recibiu sen excepción críticas excelentes e foi elixido "CD do mes" por numerosas revistas e emisoras de radio especializadas en música clásica. A súa segunda gravación apareceu a comezos de 2015 con sonatas para piano de Schubert e constitúe a primeira entrega do seu proxecto de gravar a obra completa para piano deste compositor. A acollida foi entusiasta por parte de especialistas e críticos, e hoxe está considerada unha gravación de referencia dentro da xeración de pianistas máis novos. A súa gravación máis recente está dedicada ás obras para piano de Dmitri Shostakóvich e inclúe, ademais dos 24 Preludios para piano, o Quinteto con piano op. 57.

Nado en 1982 en Tashkent (Uzbekistán), Michail Lifits trasladouse a Alemaña aos 16 anos. Estudou na Hochschule für Musik, Theater und Medien de Hannover nas clases de Karl-Heinz Kämmerling e Bernd Goetzke. Tamén recibiu importantes influencias artísticas en estudos de posgrao con Boris Petrushansky na International Piano Academy Incontri col Maestro de Imola (Italia).

En abril de 2022, Michail Lifits foi nomeado profesor de piano na Universidade de Música FRANZ LISZT de Weimar. Con anterioridade, exerceu a docencia na Universidade de Música, Teatro e Medios de Hannover, así como no marco de diversas clases maxistras de piano e música de cámara para piano en Alemaña e no estranxeiro. Michail Lifits é Steinway Artist desde 2014.



ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

ORQUESTRA RESIDENTE

Dirección Rogelio Groba Otero

fundación
Rogelio groba



Foi fundada no ano 1995 polo seu director-concertino, Rogelio Groba Otero.

Durante os 31 anos de traxectoria artística, a Orquestra de Cámara Galega cumpre cun ambicioso plan de difusión, incluíndo repertorios novos e creación de novos públicos. A súa excelencia interpretativa permítelle abarcar un amplo repertorio, desde o barroco ata os nosos días, asumindo o compromiso de dar a coñecer a música de compositores galegos, cunha especial mención á obra do compositor Rogelio Groba Groba, quen é a súa principal ferramenta de difusión.

A Orquestra de Cámara Galega colabora con solistas de prestixio internacional como Teresa Berganza, Ara Malikian, Juan de Udaeta, José Ramón Méndez, José Núñez, José Luis Estellés, entre outros. Así mesmo, é a orquestra residente do "Festival Groba", celebrado anualmente en Ponteareas (España) e polo que pasaron nota-



bles artistas como os violinistas Guy Braunstein, Oyvind Gimse, Clara Yumi Kang, Jin Joo Le, Guillermo Figueroa, o flautista André Cebrián, Adriana Ferreira ou Jasmine Choi, o trompista David Fernández, trompetistas como Pacho Flores e Esteban Batallán, pianistas como Sunwook Kim ou Federico Colli ou chelistas como Kyril Zlotnikov o Anastasia Kobekina entre moitos outros.

A OCGA ofrece concertos nas principais salas españolas, destacando o Auditorio Reina Sofía de Madrid, Palau da Música de Barcelona, Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza, Teatro da Real Maestranza de Sevilla, Teatro Jovellanos de Xixón, Palacio da Ópera da Coruña ou Auditorio de Galicia. A través das súas numerosas xiras actúan en Viena no "Spanien Modern Musikfestival", Nova York no Merkin Hall da Fundación Kaufman, Buenos Aires no Teatro Metropolitan e Holanda, nas cidades de Utrecht, De Bosh, Amsterdam, Middelburg e De Doelen Auditorium de Róterdam, así como Italia, no Pazo Ducale de Xénova.

Durante 4 anos, participa do ciclo Atardecer do Gaiás de Santiago de Compostela, cun formato orixinal e gran éxito de público. Ademais dos habituais concertos por territorio galego, merece ser resaltada a súa colaboración en clausura do XXV Festival Internacional de Música de Vila Nova de Gaia coa gran Elisabeta Matos, a produción da ópera A Traviata en Forteventura e a produción multidisciplinar con teatro e danza Don Juan no inferno, para o Teatro Colón na súa cita anual do 31 de outubro. Colabora asiduamente coa Fundación Barrié da Coruña e a Fundación Niemeyer, en Avilés.

Unha das súas principais dedicacións, é a difusión de obra musical a través da gravación dos seus dez discos, así como rexistros en directo para TVE, RTVG e Radio Clásica. Cabe destacar o seu primeiro disco con música de Rakov, Elgar, Groba e Groba Otero, cualificado con 5 estrelas pola revista Amadeus; un monográfico do compositor R. Groba no selo Autor; dobre CD editado polo



Centro de Documentación Musical da Junta de Andalucía co selo Alma Vivo coa primeira gravación mundial da ópera Don Quixote, no Teatro da Maestranza de Sevilla; recompilatorios de música de Rogelio Groba para libro-discos editados por Edicións Xerais ("Meditacións en branco e negro") e por Editorial Galaxia ("Diabolus in musica"); monográfico da obra romántico – jazzística do pianista, compositor e escritor, Quinto Mourelle, arranxado polo saxofonista e clarinetista Roberto So-moza; a primeira gravación mundial da obra "Polas rúas de Ponteareas" e "As rúas do vento ceibe", de R. Groba, en colaboración co Coro de Cámara de Pamplona, estrea mundial da Cantata inspirada no poema homónimo do poeta lucense Manuel María.

No ano 2020 a Fundación Rogelio Groba edita dous discos máis. De novo co Coro de Cámara de Pamplona interpretando a cantata para coro e orquestra "Rosalía na Catedral" e o último, rexistro do concerto homenaxe celebrado con motivo do 90 aniversario do mestre Groba no Teatro Colón da Coruña.

Durante o ano 2021 retoma os seus compromisos e realiza unha xira polas principais cidades galegas así como en diversos espazos galegos na Xira Xacobe 2021 financiada pola Fundación Rogelio Groba en convenio coa Xunta de Galicia ou concertos organizados pola Deputación de Pontevedra ou como orquestra residente no Festival Groba e na Sociedade Filarmónica da Coruña.

Ademáis dos seus compromisos anuais, durante o ano 2022 leva a cabo o ciclo Xacobeo en Cámara, patrocinado pola Fundación "la Caixa" a través da Xunta de Galicia. A orquestra segue desenvolvendo unha intensa actividade artística e institucional, consolidándose como formación de referencia no ámbito da música de cámara galega, cunha clara vocación de proximidade cos públicos, compromiso co territorio e defensa da música clásica feita desde Galicia por músicos galegos.

No ano 2025, a Orquestra de Cámara Galega continúa



ampliando a súa presenza en ciclos e programas culturais, reafirmando a experiencia acumulada ao longo da súa traxectoria e a súa relevancia no panorama musical galego e no ano 2026 continua sendo a orquestra residente da presente edición do Festival Groba, así como na Sociedade Filarmónica da Coruña e no ciclo Noites na Cidade Vella.

AMATIS TRÍO

Lea Hausmann (violín)

Sam Shepherd (cello)

Mengjie Han (piano)



“AMATIS demostra que as mellores cousas veñen de tres en tres” – MusicOMH

“Verdadeiramente abraiante, desatado a plena tensión, con tormenta e paixón en primeiro plano. Cun oído meticuloso para as cores e os matices, que levou as invencións da música a un foco nítido”, escribiu a revista británica The Strad sobre unha actuación de AMATIS.

Fundado en 2014 e con sede en Salzburgo, AMATIS ga-

ñou rapidamente un lugar destacado na escena internacional da música de cámara grazas á súa extraordinaria enerxía, liberdade artística e son distintivo. O recoñecemento temperán como BBC Radio 3 New Generation Artists en 2016 e ECHO Rising Stars en 2018 foi seguido por prestixiosos premios como o Kersjesprijs dos Países Baixos e o Borletti-Buitoni Trust Award.

Pero AMATIS é máis ca un trío clásico con piano. A violinista alemá Lea, o violonchelista británico Sam e a pianista neerlandesa Mengjie senten unha fonda paixón por tender pontes: entre a tradición e o presente, entre a música e outras artes, entre o escenario e o público. Os seus concertos convidan á audiencia a entrar en novos mundos, onde a música se converte en narración, o coñecido dialoga co inesperado e os programas despregan viaxes coidadosamente construídas.

O conxunto mantén tamén un firme compromiso coa música contemporánea, encargando ata o de agora 15 obras novas, entre elas o concerto triplo Moorlands and Beyond de Andrea Tarrodi, estreado en Edimburgo en 2024.

Cunha intensa actividade internacional que os levou a actuar en 48 países de todo o mundo, incluído o seu debut en Xapón en 2025, AMATIS participou en festivais como os BBC Proms, o Verbier Festival, a Salzburg Mozartwoche e o Edinburgh International Festival. Actúan regularmente en salas como o Wigmore Hall de Londres, o Concertgebouw de Ámsterdam e a Elbphilharmonie de Hamburgo. Como solistas convidados colaboran tamén con recoñecidas orquestras, entre elas a Royal Philharmonic Orchestra de Londres, a BBC National Orchestra of Wales e a Athens Philharmonia.

A comezos de 2026, AMATIS regresará á Salzburg Mozartwoche e posteriormente emprenderá xiras polo Reino Unido, España e China. Con proxectos que cruzan xéneros, como Catch-As-Catch-Can xunto ao pianista de jazz Michael Wollny, ou Clouds con Ib Hausmann, AMA-



TIS continúa ampliando os límites do formato tradicional de concerto. En abril de 2026, o conxunto fará realidade un soño de longa data coa creación do seu propio festival en Bad Reichenhall, Alemaña, co apoio da Deutsche Orchesterstiftung.

O seu álbum debut, publicado en 2018 polo selo cAvi/ Deutsche Grammophon, inclúe obras de Britten, Enescu e Ravel. A súa segunda gravación —Quatuor pour la fin du temps de Olivier Messiaen, xunto ao clarinetista Ib Hausmann— foi nomeada aos Opus Klassik e cualificada polo Aachener Zeitung como “un dos lanzamentos de música de cámara máis importantes dos últimos tempos”.

Formados por músicos como Rainer Schmidt, Lukas Hagen, Wolfgang Redik, Hatto Beyerle, Claus-Christian Schuster, Ferenc Rados e Menahem Pressler, os membros do trío son antigos alumnos da European Chamber Music Academy, da Universidade Hanns Eisler de Berlín e do Mozarteum de Salzburgo.

Como profesores convidados na Universidade de Cambridge, o trío dedica unha parte esencial do seu labor á transmisión do seu coñecemento e experiencia ás novas xeracións de músicos. Imparten con frecuencia clases maxistras en universidades de todo o mundo e colaboran con institucións como a Mehli Mehta Foundation na India, achegando a música clásica a nenos e mozos músicos.

Lea Hausmann toca un violín de Jean-Baptiste Vuillaume, xenerosamente cedido pola Beares International Violin Society, mentres Samuel continúa na procura do violonchelo dos seus soños.



ENSEMBLE DA FUNDACIÓN GROBA

Rogelio Groba (violín)

Alba Reirís (cello)

Pablo Diago (piano)



Ensemble da Fundación Groba é unha formación dinámica que xurdiu ao mesmo tempo ca a Fundación Rogelio Groba, no ano 2002, co obxectivo de difundir e promover a música composta polo mestre Groba para diferentes formacións camerísticas. Por este motivo, trátase dun conxunto de estrutura flexible, que pode estar integrado por distintos intérpretes e diversas combinacións instrumentais.

Nesta ocasión, o ensemble está liderado polo seu director artístico e director-concertino, Rogelio Groba Otero, violinista e director, que desenvolve unha intensa actividade tanto desde o podio como desde o atril na difusión do repertorio do Ensemble Groba. É tamén director-concertino da Orquestra de Cámara Galega, coa que impulsou numerosos proxectos centrados no repertorio galego e contemporáneo, combinando interpretación, dirección e labor de recuperación patrimonial.



Acompañao a violonchelista Alba Reirís, violonche-lo principal da Orquestra de Cámara Galega, natural de Pontearreas. Formada en conservatorios galegos, realizou os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Aragón e completou o seu máster en Mons baixo a tutela do recoñecido violonchelista David Cohen. Forma parte da OCGA desde 2013 e colabora habitualmente coa Rioja Filarmonía.

Ao piano participa Pablo Diago, formado en Madrid con Manuel Carra, quen actuou en numerosas cidades europeas. Foi premiado en concursos como o Infanta Cristina e representou a España no Festival Steinway de Hamburgo. Finalizou os seus estudos en 2001 e completou un posgrao en Ámsterdam en 2003. Na actualidade é profesor no Conservatorio da Coruña e mantén unha activa carreira concertística.

MIGUEL IGLESIAS Piano



Nado en 2002 na Coruña, Miguel Iglesias Lista iniciou o seu interese polo piano aos sete anos. Con tan só catorce anos foi seleccionado para actuar en eventos como o Festival Peregrinos Musicais (2016) e Novos Talentos

Musicais (2017). Desde entón, actuou en escenarios de prestixio como o Teatro Principal de Santiago, o Auditorio de Galicia e a Philharmonie de Haarlem.

Na actualidade cursa estudos de Máster no Conservatorio de Ámsterdam baixo a tutela do profesor Frank van de Laar, centro no que rematou os seus estudos superiores coa máxima distinción.

Foi galardoado en numerosos concursos nacionais e internacionais, entre os que destacan:

1.º Premio e Premio Especial Einbeck – Concurso Internacional de Piano de Ibiza (2025)

Semifinalista – Concurso Internacional de Piano Queen Elisabeth (2025)

2.º Premio e Premio Especial á Mellor Interpretación de Chopin – Concurso Nacional de Piano Cidade de Albacete (2022)

1.º Premio – Concurso Internacional Santa Cecilia do Porto (2018, ata 18 anos)

1.º Premio – Concurso Mestre Soutullo (2018)

1.º Premio – Concurso Internacional de Ibiza (2017, ata 16 anos)

Polos seus logros académicos e artísticos, Miguel recibiu o Premio Fin de Enseñanzas Profesionais e o Premio Extraordinario ao Rendemento Académico outorgado pola Xunta de Galicia. Ademais, foi beneficiario en tres ocasións de prestixiosas bolsas da Xunta de Galicia. Actualmente toca un piano Bösendorfer cedido xenerosamente en préstamo pola Het Muziekinstrumentenfonds (Países Baixos).

Miguel tivo a oportunidade de traballar con recoñecidos pianistas como Eldar Nebolsin, Boris Berman, Josep Colom, Mikhail Voskresensky, Dejan Lazić, Hannes Minnaar, Alexander Madzar e Claudio Martínez Mehner, entre outros.



HRACHYA AVANESYAN Violín

JEAN BAPTISTE DOULCET Piano



HRACHYA AVANESYAN

Aclamado como un “músico sensible e altamente cualificado con matices expresivos” (Gramophone Magazine) e como un “solista de forza apaixonada, sentimento e ton doce” (Frankfurter Allgemeine), Hrachya Avanesyan consolidouse como un violinista destacado tras obter primeiros premios nos prestixiosos concursos Yehudi Menuhin e Carl Nielsen.

Avanesyan actuou con recoñecidas orquestras como a Copenhagen Philharmonic, a Danish National Symphony Orchestra, a Belgian National Orchestra, a BBC National Orchestra of Wales, a Orchestre de Chambre de Pelléas, a Gulbenkian Orchestra, a National Orchestra of Lille, Sinfonia Varsovia, a Warsaw Philharmonic, a Aarhus Symphony Orchestra, a Liège Philharmonic, a Belgrade Philharmonic, a Arthur Rubinstein Philharmonic, a State Orchestra of the Rhenish Philharmonic, a Brussels Philharmonic, a Royal Flemish Philharmonic, a Tokyo Sym-

phony e a Tokyo Metropolitan Symphony Orchestra. Estas colaboracións estiveron dirixidas por recoñecidos directores como Eliahu Inbal, Marc Soustrot, Walter Weller, Lan Shui, Christopher Warren-Green, Joji Hattori, Paul Goodwin, Paul Watkins, Joana Carneiro, Alexander Vedernikov, Joshua Weilerstein, Patrick Davin e Daniel Raiskin.

Avanesyan ofreceu concertos memorables en salas de prestixio como o Concertgebouw de Ámsterdam, o Wigmore Hall de Londres, a Salle Gaveau e o Théâtre des Champs-Élysées en París, o Suntory Hall en Toquio, o Gran Salón do Kremlin en Moscova, a Danish Radio Concert Hall en Copenhague, o Auditorio Nacional en Madrid e o Palais des Beaux-Arts en Bruxelas. Entre as súas actuacións máis destacadas figuran unha aparición conxunta con Joshua Bell e Maxim Vengerov no St. David's Hall de Cardiff, actuacións con Ashley Wass no Wigmore Hall e colaboracións con Maria João Pires, Maxim Rysanov, Andreas Brantelid, Alexander Chaushian, Lise de la Salle, Marianna Shirinyan, Lily Maisky, Natalia Guttman, Narek Hakhnazaryan e moitos outros en festivais como Montpellier, Menton, o Festival de Estrasburgo en memoria de Yehudi Menuhin, Al Bustan e o Copenhagen Summer Festival.

A súa discografía inclúe a primeira gravación do Concerto para violín nº 2 de Vieuxtemps, publicada nunha edición completa dos concertos de Vieuxtemps coa Liège Philharmonic Orchestra e Patrick Davin. O seu aclamado álbum con música de Dvořák, gravado con Sinfonía Varsovia e Augustin Dumay, tamén recibiu excelentes críticas. En 2017 publicouse o seu CD con obras mestras de R. Schumann e J. Brahms, gravado con Boris Brovtsyn, Diemut Poppen, Alexander Chaushian e Yevgeny Sudbin baixo o selo BIS, sendo seleccionado como A-List en iTunes e mellor gravación de música de cámara do ano pola BBC. En 2018, unha gravación en vídeo do seu concerto con Maria João Pires foi publicada por Imagine Clarity, acadando millóns de visualizacións.



Nado en Armenia, trasladouse a Bélxica aos 17 anos, onde estudou no Real Conservatorio de Bruxelas baixo a dirección de Igor Oistrakh. Continuou a súa formación no Queen Elisabeth College of Music con Augustin Dumay e na Hochschule de Colonia con Mihaela Martin. Durante os seus estudos no Queen Elisabeth College of Music, perfeccionou tamén a súa música de cámara baixo a dirección do prestixioso Artemis Quartet.

Avanesyan toca un notable violín J.B. Vuillaume de 1864, que realza a beleza e profundidade das súas interpretacións. Co seu extraordinario talento e paixón, Hrachya Avanesyan cativa ao público de todo o mundo e consolida a súa reputación como un dos violinistas máis importantes da súa xeración.

JEAN BAPTISTE DOULCET

Nado en 1992 en París, Jean-Baptiste Doulcet é pianista, improvisador e compositor.

En 2019 gañou o cuarto premio e o premio do público no Concurso Long-Thibaud, presidido por Martha Argerich, así como o premio Modern Times no Concurso Clara Haskil 2019, presidido por Christian Zacharias.

Tamén foi galardoado co segundo premio no 8º Piano Nordic Competition e é laureado da Fondation Charles Oulmont.

Considerado unha das estrelas emerxentes do piano francés xunto a Alexandre Kantorow e Rémi Geniet pola revista Classica, publicou o seu primeiro CD, gravado nun concerto en directo, con obras de Beethoven, Schumann e improvisacións propias sobre temas propostos polo público (Les Spiriades, 2017). O seu segundo álbum, dedicado a Schumann e Liszt, foi publicado en 2022 co selo Mirare.

Nos últimos anos puidémolo escoitar en Francia—Philharmonie de Paris, Pleyel, Gaveau, Cortot, La Folle Jour-



née, La Roque d'Anthéron, Nohant, Lisztomania—, así como en Dinamarca, Estados Unidos, China, Italia e Alemaña. Coñecido pola súa personalidade musical tanto como solista como colaborador de música de cámara —tocou xunto ao Oistrakh String Quartet, Augustin Dumay, Marc Coppey, Quatuor Hermès ou Quatuor Arod—, e tamén polos seus concertos de improvisación, Jean-Baptiste é un artista completo.

Tras estudar no Conservatorio de París (CNSMDP) con Claire Désert, en piano e música de cámara, e con Thierry Escaich e Jean-François Zygel, en improvisación, traballou con grandes nomes da pedagogía pianística como Julia Mustonen-Dahlkvist, que o acompaña e traballa con el desde hai dous anos, Dmitri Bashkirov, Hortense Cartier-Bresson, Epifanio Comis ou Alexey Lebedev.

Como compositor, escribiu máis de vinte obras para instrumentos solistas, música de cámara ou formacións máis amplas. O Gewandhaus encargoulle un segundo cuarteto de corda, estreado en 2018 en Leipzig; o seu Trío con piano foi interpretado no Petit Palais de París, e artistas como Raphaël Pidoux, do Trio Wanderer, ou o Mona Quartet interpretan as súas obras.

A súa Trilogy of Passion para 12 violonchelos, baseada en poemas de Goethe, está editada e publicada por Alfonse Productions.



ROGELIO GROBA OTERO

Director – Concertino

Director artístico Noites na Cidade Vella



Titulado superior en Violín polo Conservatorio Superior de Música da Coruña e en Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Música de Oviedo, Rogelio Groba Otero completou a súa formación en Londres baixo a tutela de Detlef Hann, profesor da Guildhall School of Music and Drama.

En 1995 funda, como director-concertino, a Orquestra de Cámara Galega (OCGA), formación

coa que desenvolve unha intensa actividade artística tanto no ámbito nacional como internacional, consolidándoa como unha das referencias da música de cámara en Galicia.

Como director, Groba Otero liderou proxectos de especial relevancia, entre os que destacan a gravación da súa obra *Divertimento para cordas* (2000) e diversos rexistros dedicados á obra do compositor Rogelio Groba, contribuíndo decisivamente á súa difusión. Así mesmo, participou na recuperación e estrea da ópera *Don Chisciotte* de Manuel García, incluíndo a súa gravación en directo no Teatro de la Maestranza.

A súa traxectoria internacional inclúe concertos en destacadas salas e festivais. En 2007 dirixiu á OCGA no Spanish Modern Festival de Viena, obtendo un notable éxito

de crítica e público, seguido dunha xira por Arxentina. En 2008 liderou o debut da orquestra en NovaYork no Merkin Concert Hall da Kaufman Foundation, e en 2010 dirixiu unha xira por Holanda con concertos en Utrecht, Ámsterdam, 's-Hertogenbosch e Middelburg, culminando no De Doelen.

Ao longo da súa carreira realizou gravacións para medios como CRTVG,TVE, RNE ou TV3, e actuou en países como Portugal, Francia,Austria,Reino Unido e diversos países deAmérica Latina.

Foi tamén director da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Música da Coruña.

Un dos eixos fundamentais do seu labor é a dirección artística e a dinamización cultural.Desde 2013 é director artístico do Festival Groba, cita de referencia no panorama musical galego.Así mesmo, exerce como director artístico do ciclo Noites na CidadeVella na Coruña e da Sociedade

Filarmónica da Coruña, contribuíndo activamente á difusión da música clásica e á creación de novos públicos.

É tamén presidente da Fundación Rogelio Groba, entidade creada en 2002 e recoñecida como de interese galego e cultural pola Xunta de Galicia, desde a que impulsa múltiples proxectos de promoción musical.

A súa actividade combina a dirección, a interpretación e a xestión cultural cunha clara vocación de servizo á música galega e á súa proxección internacional, consolidándose como unha figura clave no desenvolvemento do tecido musical en Galicia.





Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA

A CULTURA É UN DEREITO
CULTURA É TRABO DE CONCIENCIA, CULTURA PÓDE TRABA DE PERSONA



//Fundación
Obra Social ABANCA



IGLESIA DE
SANTIAGO



UNIDAD PASTORAL DE
SANTA LUCIA Y SAN PABLO

